

A GALIÑA TURULECA

Eduardo Gondell / Víctor Monigote, 2019

626

ESTREA EN NUMAX: 02.01.2020 | V.G. | TP

A galiña turuleca (2019, 80')

Dirección: Eduardo Gondell, Víctor Monigote

Guión: Pablo Bossi, Juan Pablo Buscarini, Eduardo Gondell

Voces: Tere Santamaría, Luís Iglesia

Son: Juan Ferro

Montaxe: Guillermo Penecino

Música: Sergio Moure de Oteyza

Produtora: Producións A Fonsagrada, Tandem Films, Mogambo (España), Gloriamundi Producciones, Pampa Films (Arxentina)

Distribuidora: Filmax

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Galego


FILMOGRAFÍA

EDUARDO GONDELL

Valentina, la película, 2008

SINOPSE

Turuleca é unha galiña singular. O seu peculiar aspecto e a súa imposibilidade para poñer ovos desata as burlas do resto do galiñeiro, até que un día, Isabel, unha exprofesora de música, a leva vivir á súa granxa. Alí, feliz e en harmonía, a galiña descobre o seu gran talento oculto: Turu non só pode falar, senón que canta como xamais se oíu cantar a unha galiña! O talento musical da nosa amiga levaraa a se converter na gran estrela do fascinante Circo Daedalus. Porén, a súa viaxe non será nada doada. O circo está ameazado polo malvado Armando Tramas, quen desexa apropiarse da fantástica Turuleca.



“Móvome por impulsos do corazón, por iso son pobre como unha rata”

Entrevista a Víctor Monigote

Por David García Maciejewski

Vendo o filme lembramos todo o tempo intres da nosa infancia. É un filme nostáxico? Cres que deberíamos recuperar algúns clásicos da antiga cultura popular?

Deberíamos recuperar sempre o bo, porque como en todas as cousas dá igual se son antigas ou non: recuperámolo para a xente de agora. Gustábame que *A galiña turuleca* tivese un aire nostáxico. Queríalle transmitir iso aos pais que a vexan. De feito na estrea en San Sebastián funcionou perfectamente: os nenos rían, choraban, berraban, preocupábanse, aledábanse cando debían facelo. Mentres vía iso pensaba que aos pais e nais non lles ía gustar, pero xusto foi ao contrario, achegáronseme para me dicir que tiñan moitas ganas de ver algo así. Non é un personaxe que nin lles vai nin lles vén, senón que medraron con el e téñenlle estima.

Entón catalogaríala como un filme para nenos? É beneficiosa para a infancia porque leva o selo de recomendación especial para a infancia do Ministerio de Cultura de España, e danllo a moi poucos filmes. Pero coido que os pais tamén o van pasar moi ben. É o filme familiar por excelencia: abrangue desde os meus e tíos e pais até a min, e despois tamén aos meus fillos e netos, se os tivera.

As novas plataformas de vídeo baixo demanda como Amazon ou Netflix van desprazando o cinema e a televisión. Perigan os vellos formatos? Estamos a vivir un cambio sociocultural?

Estamos a vivir un cambio en todo o mundo. O cinema o que ten que facer é adaptarse, ofertar algo distinto en salas para poder competir. Quizais iso pase polo 3D, non o sei, pero nesta vida é adaptarse ou morrer. Esas novas plataformas restan clientela, cada vez menos xente vai ao cinema... Pero claro, antes era triste ver un filme nunha televisión de tubo, agora por catro patacos montas na casa un sistema boísimo e ves os filmes nunhas condicións espectaculares e de maneira legal.

Ultimamente Disney está abranguendo todo o mercado infantil. Como facer que *A galiña turuleca* ou outros produtos de animación posteriores non sexan devorados pola engranaxe das multinacionais?

É complicado cando entran grandes produtoras con moito diñeiro. Mira como fixo Tom Cruise ao mercar os dereitos de *Abre los ojos* (Alejandro Amenábar, 1997), poñen un pastón e fan unha versión. É

imposíbel competir con Disney pero hai que buscar o camiño para saír adiante.

Tes intención de seguir con outros proxectos de animación? Repetirás a experiencia? Isto é algo que se deu de maneira espontánea, así que non teño claro se, no futuro, quero estar ou non na parte da dirección ou prefiro estar na produción creativa. Téño que estudar. Foi unha paliza moi importante dirixir isto. Dedícome a tantas cousas que non sei se terei tempo para outra animación. Foron tres anos. Vai depender moito de que filme sexa: eu móvome por impulsos do corazón, por iso son pobre como unha rata. Se me apetece algo, aínda que non gañe diñeiro, vouno facer. A miña capacidade de sacrificio está relacionada co meu amor á profesión.

Hai algún proxecto concreto que queiras levar á gran pantalla? Estamos a traballar no guión dunha historia que, a verdade, non sei como non lle ocorreu antes a ninguén. Estou a traballar no proxecto xunto con Eduard Gondell. É un guión que pode funcionar moi ben para unha animación... ou unha ficción con pantalla azul. Logo teño outros dous guiños entre mans: nun levo a traballar 17 anos. Primeiro ía ser un cómic, logo unha serie... e agora quero que sexa un filme. Pero, naturalmente, aínda non sei por onde poderei avanzar.

Publicado en los40.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compárteala.
#eusondenumax